

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 018 - Orientación educativa
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACION

DATA PUBLICACIÓN: [19/06/2021]

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN PARA TODAS AS PROBAS

Adecuación ao marco normativo vixente.

Fundamentación teórica axeitada.

Estruturación coherente e claridade expositiva en todos os aspectos inherentes ao desenvolvemento das probas.

Contextualización e aplicabilidade.

Implicacións curriculares e organizativas.

Coordinación cos diferentes sectores da comunidade educativa e da contorna.

Utilización de recursos humanos, organizativos e materiais.

Rigor científico, conceptual e orixinalidade.

Fontes documentais.

Lectura e/ou exposición fluída e clara.

CRITERIOS ESPECÍFICOS PRIMEIRA PROBA

PARTE A. PROBA PRÁCTICA:

Responde claramente a cada unha das cuestións propostas.

Propón un procedemento, razoamento e progresión correcta no desenvolvemento da proba práctica.

Utiliza estratexias e medidas coherentes e viables, axustadas aos principios técnicos e á normativa vixente.

Usa axeitadamente a linguaxe propia da especialidade na resolución da proba práctica.

Inclúe conclusións congruentes e precisas.

Proporciona unha visión persoal axeitada.

PARTE B. EXPOSICIÓN POR ESCRITO DUN TEMA:

Estrutura lóxica e clara dos seus apartados.

Coherencia e cohesión entre as diferentes partes do tema.

Nivel axeitado de afondamento e actualización dos contidos expostos.

Relación axeitada do tema coa función orientadora.

Rigor científico, conceptual e orixinalidade.

Emprego da linguaxe técnica propia do tema.

Fluidez na redacción e expresión escrita axeitada á formalidade do texto.

Precisión nas citas, referencias de normativa e documentación.

SEGUNDA PROBA

Para a valoración da segunda proba (plan de orientación e programa de intervención) empregaranse as rúbricas publicadas no anexo XII da Orde do 24 de febreiro de 2020 (DOG do 13 de marzo).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A QUENDA E E PARA A QUENDA A2-A1

Para a avaliación das persoas opositoras da quenda E e da quenda A2-A1 serán de aplicación os criterios xerais de avaliación para todas as probas, así como os criterios específicos da parte B da primeira proba.